

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PARLAMENTO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2014, da Presidencia do Parlamento de Galicia, pola que se abre novo prazo para a presentación de ofertas na contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles.

O 13 de maio de 2014 publicouse no DOG número 90 o anuncio de licitación desta contratación no cal se establece como prazo para a presentación de ofertas quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da súa publicación.

O 16 de maio de 2014 publicouse no *Boletín Oficial* do Parlamento de Galicia unha corrección de erros do *Boletín Oficial* do Parlamento de Galicia nº 284, do 6 de maio de 2014, por un erro material no prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación administrativa; procede entón a apertura de novo prazo para presentación de ofertas.

Polo tanto, resólvese a apertura de novo prazo de quince (15) días naturais para a presentación de ofertas, que comezará a contar desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día da presentación é un día festivo, ampliarase o prazo ata o día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta do Parlamento de Galicia

